

ACORDO do 18 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Tramontana, situado nos concellos de Baltar, Cualedro e Xinzo de Limia, provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/030), DOG Núm. 206, de 28 de outubro de 2022. **Prazo para remitir achegas ata o 15/12/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221028/AnuncioV0653-181022-0007_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Tramontana	PE Tramontana 4W, S.L.; CIF: B72383730	Baltar, Cualedro e Xinzo de Limia (Ourense)	<p>A área que define a poligonal ten unha superficie de 663,54 ha.</p> <ul style="list-style-type: none"> – 8 aeroxeradores modelo Vestas V112 de 3,3 MW de potencia unitaria, cunha altura de buxa de 94 m, diámetro de rotor de 112 m, cos seus correspondentes centros de transformación, situados na propia góndola dos aeroxeradores, con potencia unitaria de 4.000 kVA e relación de transformación de 0,65/30 kV. – Rede eléctrica soterrada a 30 kV, de interconexión en serie entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación receptora do parque eólico, composta por dous circuitos con condutores tipo HEPRZ1 18/30 kV AL + H25 de sección variable segundo o tramo, o circuito 1 para a interconexión dos aeroxeradores T01 a T05 coa SET e o circuito 2 para os T06 a T08 coa SET. – Subestación SET PE Tramontana 30/132kV, composta por: <ul style="list-style-type: none"> • En 30 kV celas de interior en configuración de simple barra: unha posición de protección de transformador; unha posición de transformador para SS.AA. de 50 kVA e relación de transformación 30/0,42 kV; e dúas posicións de liña para a conexión dos aeroxeradores. Todo co equipamento complementario para as funcións de control, mando e protección. • Transformador instalado en intemperie de potencia 25/30 MVA ONAN/ONAF e relación de transformación 132/30 kV. • Parque a nivel de 132 kV en intemperie en configuración de simple barra, cunha posición de liña-transformador, cos equipamentos necesarios de protección e medida.

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (visado o 2 de xullo de 2021-nº de visado: V210098).

2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e de dereitos afectados (RBDA, asinada en outubro de 2022).

3. O estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado o 5 de setembro de 2022).

4. O proxecto de interese autonómico (visado o 2 de xullo de 2021-nº de visado: V210098-S1).